

Dimensións	Explicación	Estratexias metodolóxicas e recursos
CONTIDO	Consiste en engadir máis profundidade aos contidos curriculares, fomentando o pensamento crítico, a creatividade e o razoamento científico.	Ensinanza multinivel. Tarefas abertas con múltiples posibilidades de solución. Emprego de textos con diferentes formatos e niveis de complexidade cognitiva. Transmisión de información a través de diferentes canles: visual, auditiva, táctil, multisensorial. Fontes suplementarias para afondar no contido: biblioteca, aplicativos dixitais, recursos audiovisuais, persoas expertas... Emprego de recursos de organización e planificación da información: rutinas e destrezas de pensamento, organizadores gráficos, mapas mentais, esquemas...
PROCESO	Implica a combinación de diferentes estratexias de ensinanza e diferentes procedementos e instrumentos de avaliación para permitir que o alumnado acade as aprendizaxes por múltiples camiños.	Estacións de aprendizaxe temáticas ou subdividindo contidos/procesos. Simulacións con cambios de perspectivas/roles. Método de resolución de casos prácticos. Traballo por tarefas e proxectos. Aprendizaxe servizo. Paletas de intelixencias múltiples. Paisaxes de aprendizaxe. Investigacións científicas Autoavaliación, coavaliación e heteroavaliación. Feedback o retroalimentación formativa.
PRODUTO	Implica proporcionar diferentes opcións para que o alumnado poda dar evidencias da súa aprendizaxe. Permite múltiples formas de expresión por parte do alumnado.	Produtos escritos: carta, biografía, ensaio, informe, resumo, infografía, noticia, póster, guión teatral ou de cine, cómic, cuestionario, enquisa, etc. Produtos para presentacións orais: conferencia, mesa redonda, debate, obra de teatro, programa de radio ou TV, Pechakucha, xogos de oratoria, etc. Produtos tecnolóxicos: sitio web, webquest, blog, wiki, aplicativos dixitais (animacións, programación, deseño gráfico, fotografía, edición de vídeo, gravación de voz) Produtos manipulativos: debuxo, pintura, escultura, maqueta, collage, plastilina, LEGO...
ORGANIZACIÓN E XESTIÓN DA AULA	Implica que o ambiente de aprendizaxe debe modificarse para adaptarse ao grupo e á tarefa, sempre promovendo a motivación e a autonomía do alumnado no traballo escolar.	Ambiente físico: luz, cores, materiais, estrutura, ruído. Flexibilidade nos espazos: recunchos de tránsito libre, espazos con materiais específicos ou con obxectivos definidos, estacións de traballo. Flexibilidade nos tempos: diferentes secuencias de actividades con delimitación temporal variable. Coidado do clima emocional da aula: dinámicas de cohesión e xogos cooperativos. Combinación de diferentes agrupamentos: individual, parellas, equipos reducidos, gran grupo (grupo clase). Equipos homoxéneos ou heteroxéneos segundo o obxectivo da actividade ou necesidades do alumnado. Titoría entre iguais.
ROL DOCENTE	O profesorado acompaña ao alumnado no seu proceso de construción das aprendizaxes, respectando os seus ritmos e preferencias. Implica abandonar o rol tradicional de transmisión de contidos e de control das aprendizaxes.	Combinar diferentes graos de autonomía nas aprendizaxes, dende a aprendizaxe autónoma do alumnado (con guía de traballo independente facilitada polo profesorado) ata a aprendizaxe guiada estruturada en diferentes pasos/niveis. Prover de recursos ao alumnado, dando opcións para elixir os máis axeitados ao seu estilo de aprendizaxe. Compartir co alumnado os nosos intereses, experiencias e fortalezas persoais. Modelar actitudes e condutas na convivencia na aula.